



Bo día a todos e todas, aquí estamos Natalia e máis eu, Juan, en representación do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia.

Queremos, en primeiro lugar, agradecer a Valedora do Pobo, María Dolores Fernández Galiño, que se tome o tempo de escoitarnos, e compartir este momento de diálogo. É importante para nós poder falar de participación, porque se ben é certo que estamos conseguindo cada vez máis espazos onde ter voz, aínda queda moito camiño por percorrer.

A aprobación da *Convención sobre os Dereitos do Neno* (CDN, 1989) trouxo consigo un cambio social, e dende o noso punto de vista unha revolución, que aínda a día de hoxe segue dando pé a cambios nas vindeiras xeracións. E é que como ben sabe vostede, os Estados que forman parte deste tratado están obrigados a adaptar as súas leis nacionais para cumprir preceptos tan importantes como: que os nenos e nenas sexan suxeitos activos de dereito e non obxectos pasivos; que prevaleza o interese superior do neno en calquera decisión que tomen os adultos sobre o noso futuro; a importancia de todos e cada un dos nosos dereitos, sen que uns prevalezan sobre outros; e que os Estados son responsables do cumprimento destes dereitos tanto no seu territorio como fora deste. Todos estes aspectos legais son moi importantes, pero é necesario entender que esta convención recoñécenos os nenos, nenas e adolescentes como cidadáns de pleno dereito, por iso queremos reivindicar que somos parte activa da sociedade.

Xa estamos un pouco fartos de escoitar que somos o futuro da sociedade, porque tamén somos o presente.

A participación infantil e adolescente é un proceso educativo, e como tal, apréndese con formación e con experiencia. Moitos autores/as empregan de maneira frecuente este proceso por medio dunha escaleira, esta adaptouse para explicar o grado de participación que os nenos, nenas e adolescentes poden ter nunha iniciativa. Existen diferentes niveis de participación, algúns sobre os que temos que pararnos a reflexionar e outros que potencian a nosa participación como membros/as activos/as da sociedade. Son 8 os niveis que nos atopamos:

- No primeiro nivel, os nenos, nenas e adolescente, non coñecemos nin entendemos os temas sobre os que están actuando, son as persoas adultas as que nos empregan como medio para promover cousas que lles afectan directamente sen acompañarnos na comprensión das mesmas. Este sería o chanzo do engano, por exemplo cando no colexio o profesorado elabora o discurso para un festival e é o alumnado quen o lee sen saber nin a temática.
- O segundo, o nivel decorativo, somos meros obxectos decorativos en determinadas actividades, basease no concepto de que os nenos, nenas e adolescentes posen para as fotos. Por exemplo, cando o centro escolar prepara e organiza unha actividade extraescolar e mandan ó alumnado sacarse unha foto.
- O terceiro, o neno/a show: dáse cando en debates públicos ou conferencias seleccionase ás mozas e mozos con máis habilidades para, ou con ideas enxeñosas. Mentres, o resto non ten oportunidades para transmitir súas ideas. Podemos ver este nivel de participación cando remata o curso escolar e a persoa que elixen para facer o discurso é a que mellores notas saca da clase, sen dar a oportunidade ós demais de presentarse como voluntarios/as.
- O quinto chanzo, consultados e informados, o proxecto está deseñado e desenvolto polas persoas adultas, pero nosa opinión é tomada en consideración durante todo o proceso de decisión. Por exemplo nas excursións escolares ou viaxes familiares.
- Iniciados polos adultos que comparten decisións coa infancia: a partir deste chanzo podemos comezar a contar co inicio do grao de participación, porque a pesar de que os proxectos os planifican os adultos, os nenos, nenas e adolescentes contamos no proceso da toma de decisións. Isto podémolo ver reflexado á hora de poñer a data dun exame, é o profesorado quen planifica a materia e o contido pero nos quen votamos pola data.



- O sétimo chanzo, iniciados e dirixidos polos nenos, nenas e adolescentes, aquí inclúese as actividades preparadas para crear e desenvolver por nos mesmos, ó marxe da dirección das persoas adultas. Os nosos compañeiros e compañeiras de Redondela elaboraron unha exposición contra os conflitos bélicos onde se expuxeron debuxos feitos por eles no multiusos do seu Concello.
- O derradeiro chanzo, decisión inicial dos nenos, nenas e adolescentes compartida coas persoas adultas: este paso dáse cando en proxectos elaborados por nos, invitamos a participar os adultos. Isto podémolo ver nunha actividade realizada polos nosos compañeiros de Pontearreas, que elaboraron un vídeo sobre as consecuencias do consumo de tóxicos e invitaron a adultos profesionais para entrevistalos.

Con todo isto queremos deixar claro que nos sabemos en que chanzo da participación estamos en cada momento, pero sodes o resto de persoas adultas as que tedes que reflexionar e facer autocrítica con respecto a isto. Para lograr unha participación efectiva e eficaz tedes que compartir connosco un espazo que vós xa ocupades. E ter claro que a participación ten que ser practicada de maneira consciente, voluntaria e libre, e estar presente en todos os ámbitos da nosa vida cotiá, é un dereito individual das persoas que exercemos de maneira colectiva.

O primeiro ámbito que nos toca de cerca é a convivencia, esta pode ser **en familias** ou ben nos centros de protección á infancia e adolescencia no que se atopan moitos nenos, nenas e adolescentes. Con quen vivimos resulta fundamental para o noso desenvolvemento persoal e social, debido a cantidade de tempo que pasamos tanto coa familia como nos centros de protección. A fin de semana pasada, no Encontro Autonómico de Consellos Locais organizado por UNICEF que se levou a cabo en Carballiño expuxéronse diferentes cuestións que nos preocupan relacionadas con esta temática: que a nosa opinión non sexa respectada;



que non sexamos tratados con empatía, cariño e confianza; que non existan estratexias de comunicación efectivas entre os membros/as do fogar; que existan dificultades no acceso a axudas económicas; e o pouco informados que estamos sobre o abuso sexual infantil e o maltrato intra-familiar.

Por outro lado, compañeiros/as de protección achegáronnos cuestións relacionadas con estes temas: necesitamos máis prazas nos pisos mentor de Galicia, as que hai son insuficientes; é necesario sensibilizar á poboación sobre os/as nenos, nenas e adolescentes que estamos nos sistemas de protección para acabar co estigma que se nos impón, facendo especialmente énfase na etapa adolescente posto que debido a eses estereotipos é difícil que optemos ós programas de acollemento familiar; que exista unha comunicación máis fluída entre os técnicos de menores e os/as educadores/as que traballan nos centros; da mesma maneira, que exista unha mellor comunicación entre os/as técnicos de menores e os nenos, nenas e adolescentes que estamos nos centros; máis persoal nos centros; que se escoite a nosa opinión sobre as actividades a desenvolver; e que o trato que nos dan no centro non sexa tan sobre-protector.

Outro ámbito fundamental que atender é a **saúde**, garantir que nos encontramos ben tanto fisicamente como psicolóxicamente, é importante, e por iso necesitamos un sistema sanitario que garanta o acceso total da poboación igualitario. Temos moitas preocupacións ca situación sanitaria, por exemplo: a falta de adaptación que existen nos espazos infantís dos hospitais; case non hai actividades lúdicas para os nenos e nenas internos; non se respecta a nosa identidade de xénero nas consultas; a falta de profesionais sanitarios; queremos unhas urxencias de calidade; e cabe destacar a falta de profesionais da saúde mental. Tamén necesitamos que os/as médicos/as falen con nos, e que sexan claros nunha linguaxe que poidamos comprender.

Nos **centros de ensino** pasamos unha gran parte das horas dos nosos días, polo tanto, é imprescindible que se constitúan como espazos seguros para



todos nós. E quen mellor ca nós para expor as debilidades destes espazos e melloralos. Estamos preocupados/as polo crecemento dos casos de acoso escolar que estamos vivindo; tamén pola falta de profesionais educativos debidamente formados e sensibilizados cas diferentes realidades do alumnado; é importante que recibamos máis educación sexual, xa que percibimos moitas conductas de risco respecto deste tema; e queremos reivindicar unha maior participación no ámbito educativo, posto que a pesar de pasar tantas horas nos centros case non temos voz neles. Gustaríanos fomentar os grupos de participación, como Redeiros, do que son parte moitos/as dos nosos compañeiros do CAIA

Non queremos esquecernos dos **espazos de lecer**, o tempo de ocio é un dereito que todos os nenos, nenas e adolescentes debemos desfrutar. Dentro das preocupacións que temos neste ámbito debemos destacar: a pouca iluminación ca que contan algunhas zonas dos lugares polos que transitamos e nos preocupan; a violencia verbal e física que se pode vivir en espazos deportivos; a falta de formación das persoas que nos adestran; e a falta de espazos de ocio que hai para a adolescencia, xa que todo se concentra na infancia.

Como ben vedes, temos moito que dicir respecto das cuestións que nos ocupan, por iso é tan importante ter espazos onde se fomente a participación infantil en todos os ámbitos que afectan as nosas vidas. Nese sentido destacar, a importancia de que a administración pública traballe con nós e nos escoite á hora de tomar decisións. Por iso, queremos reivindicar a necesidade de que os Concellos de Galicia que aínda non contan cun Consello Local de infancia dean o paso e articulen espazos formais de participación como son os consellos locais de infancia ou os grupos de participación que promove o programa Cidades amigas da infancia de Unicef.

Nese sentido destacamos a importancia que ten a creación, neste ano, do *Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia (CAIA)*, somos parte dun órgano autonómico onde mozos e mozas de toda Galicia estamos

representados. A constitución deste órgano foi o 21 de abril deste mesmo ano, na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, alí tivemos a oportunidade de coñecernos e empezar a traballar en propostas para elevar a Xunta de Galicia.

Somos 30 nenos, nenas e adolescentes de entre dez a dezasete anos de idade, das diferentes provincias. Sen embargo, non só representamos os nosos respectivos territorios. Estamos xente que forma parte dos: Consellos Locais de participación infantil e adolescente; das entidades que forman parte da Plataforma de Organizacións da Infancia, hoxe aquí representada, e do sistema de protección da infancia de Galicia. Isto é o que consideramos que nos permite ter unha visión global e diversa posto que abarcamos diferentes colectivos e realidades: que viven en cidades, que veñen do rural, representantes do pobo xitano, do colectivo LGTBIQ+, persoas con diversidade funcional, migrantes....

Esta pluralidade fai que a toma de decisións sexa fiel a realidade que vivimos a xente nova de Galicia, e aínda que levamos pouco tempo constituídos consideramos que estamos a altura da responsabilidade e das circunstancias que nos rodean, defendendo o papel da infancia e adolescencia galega fronte a administración autonómica.

Dentro de pouco teremos o noso primeiro pleno, para o que xa estamos traballando. A temática será “*10 prioridades de protección para a infancia e adolescencia galega*”. Para preparalo tivemos que aprender moito sobre a *Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia* ou LOPIVI, e a verdade é que aprendemos cuestións que descoñeciamos, evidenciando un gran problema, e é que non somos conscientes dos mecanismos de defensa que temos fronte a violencia. Precisamente porque a LOPIVI constitúese como unha arma de protección activa que temos que loitar por desenvolver segundo o disposto no texto para previr casos de violencia contra a infancia e adolescencia.





Pero tamén queremos deixar claro que ademais de propoñer actuacións para mellorar a vida da infancia e adolescencia galega, queremos que se conte con nós en actividades que van ter repercusión en nós. Temos que crear un espazo de diálogo onde se traballe de maneira bidireccional.

Para rematar, queremos dar as grazas por poder estar hoxe aquí en representación dos/as nosos/as compañeiros/as do CAIA, somos conscientes de que temos moito que contar, pero para que as nosas propostas e demandas se materialicen ten que haber adultos/as dispostos/as a escoitarnos de maneira activa e consciente.

Pola nosa parte, seguiremos comprometidos a levar a participación infantil e adolescente o máis alto nivel, e continuar representando á infancia e adolescencia galega como ata agora.

E pola parte que vos toca as persoas adultas queremos que deades un paso máis, que se nos consulten cousas concretas, que haxa unha resposta as propostas que nos presentamos, e que haxa participación infantil en todas as administracións públicas.